

MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VIVENDAS

PRAZO: ata o 02/10/23 na **Sede Electrónica** da Xunta, procedemento **VI406E**

CONCESIÓN: segundo a orde de presentación ou ata o esgotamento dos fondos.

AXUDAS: 40% da actuación. Límite de 3.000 euros, orzamento subvencionable entre 1.000 e 7.500 euros.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- **Redución do 7 % da demanda enerxética** anual global de calefacción e refrixeración **ou redución do 30% do consumo de enerxía** primaria non renovable (ventás, fachadas e outras actuacións).
- No caso de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica, adecuar as súas características aos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos nas táboas 3.1.1.a-HE1 e 3.1.3.a-HE1, do documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código técnico da edificación.

REQUISITOS

- Actuacións **non iniciadas antes do 01/02/2022, nin estar xa finalizadas.**
- Cumprir coa normativa vixente e contar coas licenzas e autorizacións administrativas no seu caso.
- Non serán subvencionables os investimentos en xeradores térmicos con combustible fósil.
- Prazo para executar as obras: 12 meses.

SOLICITANTES

- Persoas físicas **propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias** de vivendas unifamiliares ou en edificios plurifamiliares, que sexan **domicilio habitual e permanente.**
- Poderase autorizar a tramitación a un axente ou xestor da rehabilitación actúe por conta daquelas.

CAMPOS OBRIGATORIOS NA SOLICITUDE

- Datos da vivenda e referencia catastral
- Consumo de enerxía primaria non renovable e de demanda enerxética actual e tras as actuacións.
- Número de inscrición do certificado de eficiencia enerxética actual no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia.
- Investimento total, custo subvencionable, contía da axuda solicitada, ano previsto de remate.

INFORMACIÓN: 012 / Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). 881 045 897.

Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas Cita previa: 981 73 70 04